



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.

DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime
García Señorán, María del Mar
Lantarón Casero, Eva M^a
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pillado González, Esther
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Rubio Arnesto, Belén
Vázquez García, Celia

PDI-A:

Castro Cerceda M^a Luisa
Costas González Xosé Henrique
García Fontán Soledad
García Pino Antonio
García-Pintos Escuder Adela
González Santamaria Pedro
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
González Jorge, Higinio

ESTUDANTES:

Carrillo Pérez, Rosalía
Fernández González, Brais
Fortes Novoa, Brais
Pereira Sánchez, Pablo

PAS:

Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Martínez Gómez, César Enrique
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Juan Carlos Meana Martínez
Manuel Pérez Cota
Vicente Romo Pérez
Rafael Vallejo Pousada

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 26 de novembro de 2014, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día 26 de novembro de 2014 ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de outubro de 2014.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, dos criterios para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2014.
5. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por Dna Francisca Fernández Prol, no que solicita a declaración de nulidade do proceso de eleccións do director do Dpto. de Dereito Público Especial (X13).
6. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por D. Jose Óscar Rubiños López e outros contra o procedemento de elaboración do POD do Dpto. de Teoría do Sinal e Comunicacions.
7. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por Dna. Ana María Pita Grandal e outros contra o Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2014, polo que se modifica o art. 4 da Normativa de simultaneidade dos estudos ADE-Dereito.
8. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universitat Rovira i Virgili – Convenio de colaboración entre a Universidad de Las Palmas de Gran Canaria, a Universidade de Vigo e a Universidad de Cádiz para a realización do título oficial do Máster interuniversitario en Oceanografía – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Federal do Rio Grande do Sul – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Federal do Rio Grande do Sul para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Técnica Particular de Loja – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Redes y Desarrollo – Convenio marco entre a Universidad Técnica del Norte e a Universidade de Vigo – Convenio específico de

colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Caldas (Colombia) para o intercambio de estudantes.

9. Elección de representantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
 - Sector Estudantes: 1 vacante
10. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de outubro de 2014.

Non habendo ningunha alegación á acta, esta apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

Da conta o reitor da situación dos seguintes puntos:

1. Consorcio Interuniversitario de Galicia: Informa o reitor que foi comisionado polos outros reitores do SUG para negociar a entrada da Xunta no consorcio que establece a Lei de Universidades de Galicia. Os tres reitores do SUG acordaron poñer en marcha o consorcio e elaborar un borrador sobre as súas funcións, que xa está en marcha, e será debatido nas tres institucións antes de ser enviado á Xunta de Galicia, para que esta valore a súa participación. Este paso é de gran importancia xa que o consorcio será un órgano político con carácter executivo. Pasaremos de ter diversas entidades como CIXUG, BUGALICIA ou CIUG a un consorcio que atenderá aos temas interuniversitarios e a todos aqueles que conxuntamente se acorden no mesmo. Entende o reitor que este proceso rematará como moi tarde na primavera de 2015. Neste período irá dando conta dos avances ao Consello de Goberno.
2. Campus da Auga: Informa o reitor da sinatura do convenio na primeira quincena de outubro e que o Comité de Dirección xa está traballando.
3. Campus CREA: Dá conta o reitor do remate do traballo da comisión institucional e da constitución do Comité de Dirección, seguindo o mesmo modelo co que se traballou no Campus da Auga. A composición desta Comité de Dirección será a seguinte:
 - Salustiano Mato de la Iglesia
 - Juan Manuel Corbacho Valencia
 - María Ángeles Pilar Parrilla Latas
 - Juan Picos Martín
 - Alicia González Represas
 - Ignacio Barcia Rodríguez
 - Alberto Dafonte Gómez

Convocarase proximamente para comezar o plan e o desenvolvemento das actividades de especialización.

4. **Éxito dos INCUVI:** O reitor felicitou as iniciativas empresariais xurdidas das pre-
incubadoras do programa INCUVI-Emprende, que foron galardoadas en distintas
convocatorias, como é o caso de "Monet Viticultura", que recibiu o premio ao
emprendemento da Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo, e "Mueve tu vida",
que acadou o galardón xove emprendedor da Asociación de Jóvenes Empresarios de
Pontevedra. Ademais, varios dos premiados INCUVI-Emprende foron seleccionados
nos últimos meses para formar parte dos programas *Yuzz* (do Centro Internacional
Santander Emprendemento), *Galicia Open Future* cun espazo coworking na Cidade
da Cultura, e *Via Vigo* (a aceleradora da Zona Franca).

Indica o reitor que todos estes premios reflicten o xeito en que a iniciativa INCUVI
esperta a innovación dos xoves e o futuro prometedor desta convocatoria.

5. **Medidas de captación e retención de talento:** Ao non eliminarse a taxa de reposición o
futuro do persoal investigador segue sendo incerto. Explica o reitor que está a dar
pasos para poñer en marcha un novo plan de promoción que estea autorizado pola
Xunta de Galicia e permita unha saída ao persoal investigador que remata
proximamente contrato na Universidade de Vigo. Entende que hai razóns para o
optimismo.

3. Aprobación, se procede, do Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo.

Introduce o reitor o punto indicando que despois do Día Internacional para a Eliminación da
Violencia contra a Muller que se celebrou onte, tráese hoxe ante este Consello de Goberno,
este Protocolo marco impulsado e desenvolvido pola Unidade de Igualdade e aprobado na
Comisión de Igualdade dentro das directrices do Plan de igualdade. Será presentado pola
directora da Unidade de Igualdade, Anabel González Penín a quen dá a palabra.

Comeza a directora da Unidade de Igualdade indicando que este protocolo corresponde á
primeira acción do Eixo 4, obxectivo operativo 5 «Incorporar a perspectiva de xénero no
deseño e na execución das políticas de seguridade e saúde no traballo así como na prevención
das situacións de acoso e violencia» do I Plan de igualdade entre mulleres e homes da
Universidade de Vigo (2012-2014).

Foi elaborado por encargo da Comisión de Igualdade, polo equipo de procesualistas da
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo dirixido por Esther Pillado González que
integran Pablo Grande Seara e Teresa Martínez Táboas.

Tras aos preceptivos informes xurídicos, incorporáronse ao primeiro borrador de Protocolo as
consideracións feitas nos distintos informes e o pasado 23 de outubro aprobouse en Comisión
de Igualdade o texto definitivo que hoxe se presenta.

O Protocolo consolida como principio xeral que a Universidade de Vigo considera o acoso
sexual e por razón de sexo como unha manifestación de discriminación intolerable no seu
entorno e comprométese a pór os medios materiais e humanos necesarios para previr e
erradicar, no seu caso, este tipo de comportamentos e as súas consecuencias.

Delimita o ámbito subxectivo, obxectivo e espacial establecendo os requisitos que se deberán dar para que sexa de aplicación e establece o procedemento para a tramitación e resolución das denuncias formuladas polas vítimas.

Mediante este Protocolo, a Universidade de Vigo comprométese tamén a levar a cabo campañas de sensibilización e formación así como cursos sobre prevención e formas de actuación ante situacións de acoso sexual e por razón de sexo como medio de previlas.

Ademais, contempla a creación da Comisión contra o Acoso Sexual e por Razón de Sexo da Universidade de Vigo (CAS) presidida pola dirección da Unidade de Igualdade e na que participan todos os sectores da comunidade universitaria ademais dunha persoa representando á Reitoría e outra en representación da Xerencia.

O procedemento establecido no Protocolo, tramitado de acordo a criterios de prudencia e confidencialidade, garante a dignidade e intimidade das persoas implicadas así como a igualdade no trato. Todas as actuacións levaranse a cabo dunha forma respectuosa coa parte denunciante e denunciada. Para isto, na forma de presentar a denuncia e os feitos denunciados asegúrase o anonimato das dúas partes implicadas.

É evidente que o éxito deste Protocolo non será posible sen a implicación da conciencia colectiva e o compromiso de toda a comunidade universitaria na erradicación deste tipo de actuacións. Así, no Protocolo establécese que *“calquera membro da comunidade universitaria ten a obriga de comunicar ás súas xefaturas xerárquicas unha situación de acoso sexual ou por razón de sexo da que tivese coñecemento”* e que *“todas as persoas, empresas ou institucións incluídas no ámbito de aplicación deste Protocolo están obrigadas a colaborar coa CAS na investigación das situacións denunciadas”*.

O procedemento deberá ser tramitado dende o seu inicio ata a súa resolución coa maior celeridade posible e sen demoras indebidas que aseguren que a situación de acoso remate o antes posible e resulte, no seu caso, sancionada.

Establécese ademais a posibilidade de que a CAS propoña medidas de protección da vítima en casos de especial gravidade que deberán adoptarse sempre con consentimento dela.

Por último, a CAS realizará un control e seguimento da aplicación do Protocolo co obxecto de analizar a súa eficacia na prevención, detección e erradicación das situacións tipificadas nel.

Destaca a directora da Unidade de Igualdade que o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo é o instrumento que a nosa institución necesita para garantir os dereitos fundamentais das persoas que forman parte da comunidade universitaria xa que, este tipo de acoso, ademais de causar graves prexuízos ás propias vítimas, afectan tamén aos demais compañeiros e compañeiras que forman parte do seu entorno, e mesmo deterioran a imaxe da propia institución universitaria. Deste xeito, en cumprimento da normativa vixente en materia de dereitos fundamentais, a Universidade de Vigo procurará a consolidación dun entorno no que se respecte a dignidade de todas as persoas integrantes da súa comunidade, non tolerando dentro do seu ámbito ningún tipo de comportamento de acoso sexual ou por razón de sexo.

Pregunta o reitor aos membros do Consello de Goberno se teñen algunha cuestión sobre este tema, indicando que está presente o profesor Pablo Grande Seara, membro da comisión redactora do documento por si houberse algunha dúbida técnica que precisara da súa aclaración.

Non hai intervencións.

Apróbase por asentimento o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo. (**Anexo I**)

4. Aprobación, se procede, dos criterios para a selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de PDI funcionario no ano 2014.

Cede o reitor a palabra á Vicerreitora de organización académica e profesorado.

A vicerreitora lembra que na anterior sesión do Consello de Goberno foi aprobada a oferta pública de emprego para o PDI da Universidade de Vigo co acordo da convocatoria de dúas prazas pertencentes ao corpo de profesores titulares de universidade. Este acordo foi enviado á Xunta de Galicia e esta mesma semana recibíuse a autorización para a convocatoria. Procede, neste Consello de Goberno aprobar o procedemento para a selección das áreas nas que as prazas serán convocadas.

Expón, ademais, que no mes de xullo nunha reunión da mesa de negociación do PDI decidiuse manter o mesmo procedemento e os mesmos criterios que foron empregados o ano 2013. Fai a vicerreitora un resumo do procedemento que se xunta como **Anexo II** a esta acta. Pide, segundo consta neste procedemento, que se delegue na COAP a selección das áreas así como a creación das prazas, cuestión técnica esixida pola Xunta, e indica que a COAP está convocada para mañá.

Intervén Bienvenido Díez explicando que as forzas sindicais non están en condicións de elixir entre candidatos acreditados, para optar a só dúas prazas e aceptaron este procedemento. Indica tamén que non foi convocado á vindeira COAP.

Responde a vicerreitora que serán convocados inmediatamente á sesión da COAP de mañá e ás futuras sesións desta comisión, tanto Bienvenido Díez como Federico Fernández, representantes sindicais no Consello de Goberno.

Higinio González intervén para dicir que os criterios deberían atender a unha avaliación global do PDI e non só á docencia.

O reitor responde que toma nota da suxestión e que a trasladará a mesa do PDI. Xa que aínda que o ano próximo haberá máis prazas, pero seguirán sen ser as desexables, pero séguese loitando pola eliminación da taxa de reposición.

5. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por dona Francisca Fernández Prol, no que solicita a declaración de nulidade do proceso de eleccións do director do Dpto. de Dereito Público Especial (X13).

O reitor dá a palabra a secretaria xeral quen comeza informando de que van participar neste punto da orde do día, a petición propia, con voz pero sen voto Francisca Fernández Prol, Jaime Aneiros Pereira, Ana M^a Pita Grandal e Carmen Ruiz Hidalgo.

Resume a continuación a Secretaría Xeral os feitos e o recurso presentado. A orixe está na reclamación que presenta Francisca Fernández Prol sobre o proceso electoral de director/a do Departamento de Dereito Público Especial. No seu escrito de recurso realiza unha serie de peticións, unha das cales compete a este Consello de Goberno, concretamente a solicitude de declaración de nulidade radical do proceso electoral celebrado o día 15 de outubro de 2014 e dos resultados acadados no mesmo.

Como poden verificar os membros de Consello de Goberno no informe da Asesoría Xurídica que se xunta á documentación aportada coa convocatoria, o principal argumento da reclamación concrétase en que participou na votación unha persoa que nese momento xa non era membro do Consello de Departamento, xa que decaera na súa condición de alumna de terceiro ciclo, condición pola que fora elixida como membro do mesmo.

O informe da Asesoría Xurídica sinala que para considerar nula a votación non abonda con que un dos votos emitidos sexa dunha persoa que non é membro do departamento, senón que ese voto ten que ser decisivo para o acordo adoptado. No caso que nos ocupa, explica a secretaria xeral, tivo lugar unha primeira votación entre os dous candidatos, Jaime Aneiros e Francisca Fernández, na que se emitiron 20 votos, obtendo o primeiro candidato 10 votos, a segunda candidata 9 votos e unha abstención. Na segunda votación repetíronse os mesmos resultados. Deste xeito, o voto dunha persoa que non fose membro, pode resultar decisivo no resultado.

En consecuencia, proponse a declaración de nulidade do proceso de eleccións do director/ do Dpto. de Dereito Público Especial, e o comezo dun novo proceso por convocatoria dos membros do Consello a unha sesión na que se proceda a elección de director/a do departamento. Engade a Secretaría Xeral que esta proposta foi asumida por unanimidade nunha sesión extraordinaria da Comisión Electoral.

O reitor cede a palabra a Francisca Fernández quen se presenta e indica que desexa participar para explicar os feitos e as causas que a levaron a presentar o recurso. Xúntase a súa intervención no **Anexo III** desta acta.

Intervén a secretaria xeral para explicar que o recurso presentado foi tratado nunha xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral o día dezanove deste mes. Informa tamén dun escrito achegado por Jaime Aneiros coa solicitude de ser enviado aos membros do Consello. Comunicóuselle de que non sería entregado xa que presenta a súa versión do acontecido na sesión do Consello de Departamento, sen que aportara máis datos relevantes en relación ao punto que debe ser tratado no Consello de Goberno e así lle foi comunicado, pero que sería mencionado na sesión e incorporado ao Acta, de ser solicitado (**Anexo III**).

Cede a palabra o reitor á Jaime Aneiros. Este indica que a primeira convocatoria do Consello de Departamento foi realizada por Jaime Cabeza, co censo que se tiña nese momento, que non foi impugnado. Tampouco foi recorrida a convocatoria. Tamén di que debe mellorarse a redacción do artigo 18 do Regulamento de constitución de departamentos, que dá problemas en casos como este no que hai dúas áreas cun número similar de profesorado e menciona que, probablemente, volverá a suceder o mesmo nunha nova convocatoria.

Cede o reitor a palabra á actual directora de departamento en funcións, Carmen Ruiz, quen indica que descoñecía que a estudante en cuestión, non fose membro do Consello de

Departamento, xa que sempre era convocada e formaba parte da Comisión Permanente. Pide aclaración con respecto ao momento ata o que se retrotrae o procedemento e se debe convocar aos membros que formaban parte do Consello naquel momento ou os novos que saían do actual proceso electoral.

A secretaria xeral responde que se retrotrae o procedemento ata o momento da convocatoria do Consello, polo que deberá realizarse unha nova convocatoria aos membros que formen parte do órgano no momento en que esta se realice.

Apróbase por asentimento declarar nulo o proceso de eleccións do director do Departamento de Dereito Público Especial, e a iniciación dun novo proceso por convocatoria dos membros do Consello a unha sesión na que se proceda a elección de director do departamento.

6. Toma en consideración, se procede, do recurso presentado por don Jose Óscar Rubiños López e outros contra o procedemento de elaboración do POD do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns.

O reitor lembra aos membros do Consello de Goberno, que este punto da orde do día, xunto co que figura como 7, da presente convocatoria, foi adiado da sesión do pasado 14 de outubro, debido a que os membros da comunidade universitaria que non forman parte do Consello de Goberno non recibiran a convocatoria e, polo tanto, non eran coñecedores de que se ía tratar este punto.

Cede a palabra á secretaria xeral quen aclara que a falta de comunicaci3n no anterior Consello de Goberno non foi debida a un erro da Secretaría Xeral, que realizou o envío á lista “Avisos” como é habitual, sen3n a un fallo de funcionamento da lista por mor do traslado ao novo portal de comunicaci3n.

Aclarado este aspecto, indica que, para participar neste punto, foron invitados a asistir con voz e sen voto e a petici3n propia: Ver3nica Santalla del R3o, en representaci3n dos reclamantes, Jose Luis Alba, director do Departamento na 3poca dos feitos considerados e Carmen Garc3a Mateo, actual directora do departamento e In3s Garc3a-Toufi3n Blanca.

A secretaria procede a resumir a documentaci3n que foi remitida aos membros do Consello de Goberno, indicando que na sesi3n extraordinaria do Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns de data 27 de marzo de 2014 debateuse o punto “*Aprobaci3n, se procede, do novo procedemento de elaboraci3n do POD*”. O resultado da votaci3n foi de 13 SI, 13 NON e 1 ABSTENCI3N. O Director do Departamento fixo uso do voto de calidade, co que se aprobou o acordo.

O día 25 de abril Jos3 Oscar Rubiños L3pez e varios profesores do departamento presentaron recurso de alzada no que solicitaban a anulaci3n do procedemento de elaboraci3n do POD do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns alegando:

Que o procedemento seguido para aprobar os criterios de elaboraci3n do POD vulnera o disposto na Lei 30/1992 de r3xime xur3dico das administraci3ns p3blicas e do procedemento administrativo com3n. Aluden a unha serie de irregularidades que poder3an afectar 3 convocatori3, 3 orde do d3a, 3 informaci3n facilitada e a falta dun per3odo de emendas ou de quenda de palabras as3 como que non se permitiu a votaci3n das demais propostas presentadas.

Segundo o informe de Asesoría Xurídica a convocatoria realizouse cumprindo o Regulamento de réxime interno do Departamento, todas as cuestións debatidas referíanse ao novo procedemento de elaboración do POD, polo que se poden considerar incluídas no punto da orde do día *“Aprobación, se procede, do novo procedemento de elaboración do POD”* e que a información foi facilitada en prazo aos membros do Consello de Departamento. En relación ao quórum necesario para a válida celebración da sesión e as votacións a acta da sesión indica que se celebrou en segunda convocatoria, polo que o quórum debía ser o necesario, de polo menos a terceira parte dos seus membros. De non ser así, os acordos serían nulos, pero non se dispón de datos para a súa comprobación.

De todo o exposto, pódese concluír que, pese ás incidencias existentes na sesión extraordinaria do Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicións de data 27 de marzo, non se incorre nunha causa de nulidade ou anulabilidade, salvo que nas deliberacións (votacións parciais) non estiveran presentes o número de membros mínimo esixido, porque en dito caso sería nulo de pleno dereito. Polo tanto o procedemento de aprobación sería válido.

Sobre o fondo do asunto cabe sinalar que o procedemento de elección de POD prevé unha primeira rolda na que se selecciona a docencia entre as materias impartidas o curso anterior e unha segunda rolda na que se distribúen as materias non asignadas. Ademais recolle uns criterios adicionais para a resolución de conflitos que inclúen *“historial docente”*, *“categoría e antigüidade”*, *“resultados académicos das materias previamente impartidas”* e *“avaliación individual do profesor”*.

Dado que o artigo 95 da lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia establece que *“Na elección de materias que se impartan conforme o plan de ordenación docente, atenderase preferentemente á especialización docente de cada profesor ou profesora”*. Este criterio non se cumpre no procedemento de elaboración do POD aprobado polo Consello de Departamento.

Explica a secretaria xeral que segundo o informe de Asesoría Xurídica, o Consello de Departamento, ao adoptar os criterios de elaboración do POD debe motivar a súa decisión, en virtude do disposto no artigo da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste senso, o Consello de Departamento debe acordar que entende por especialización docente e como se realizará a súa aplicación práctica, así como os demais criterios que consideren necesarios para a elaboración do POD, e deberán ser motivados.

Por todo o exposto enténdese que se vulnerou o artigo 96 da Lei 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia, polo que de propón que se estime parcialmente o recurso presentado polos profesores, e se acorde retrotraer o procedemento ao día 27 de marzo de 2014, data na que se acordaron os criterios de elaboración do POD por parte do Departamento. É dicir, que debe reunirse novamente o Consello de Departamento de Teoría do Sinal para acordar novos criterios de elaboración do POD de acordo coa normativa. Para evitar trastornos graves no desenvolvemento da docencia, propónse que mentres ese Consello non se celebre se manteña de xeito temporal o POD actual en vigor.

Cede o reitor a palabra a Verónica Santalla, quen indica que a exposición é clara e está presente para aclarar algunha dúbida que puidese xurdir.

José Luis Alba aclara que xa foi acordada nunha sesión posterior do Consello de Departamento a elaboración dunha nova normativa. Indica que foi pedindo informe á Asesoría Xurídica ao longo do proceso e nunca indicou que se vulnerara a Lei do SUG.

Luis Pérez intervén reclamando aos membros do Departamento que asuman a súa responsabilidade na elaboración do POD e non deriven a responsabilidade á Asesoría Xurídica.

Bienvenido Díez indica que o criterio de especialización docente vai traer máis problemas no futuro e reclama un criterio por parte do equipo de goberno. Considera que a especialización docente pode servir non tanto para definir que é o que quere impartir, senón o que non se pode impartir.

Xosé Carlos Álvarez Villamarín pregunta que significa “*preferentemente*”, no artigo da Lei do Sistema Universitario Galego. O profesor Manuel Reigosa pide que se refagan as normativas de POD establecendo orientacións.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado puntualiza o que indica claramente o informe de Asesoría Xurídica: que é competencia do departamento establecer que é, e como se aplica, a especialización docente. E esta definición pode ser diferente en cada departamento.

Apróbase por asentimento a proposta recollida no informe da Asesoría Xurídica consistente na estimación parcial do recurso, e na retroacción do procedemento ao día 27 de marzo de 2014, data na que se acordaron os criterios de elaboración do POD por parte do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacions.

7. Toma en consideración , se procede, do recurso presentado por dona Ana María Pita Grandal e outros contra o Acordo do Consello de Goberno do 4 de xullo de 2014, polo que se modifica o art. 4 da Normativa de simultaneidade dos estudos ADE-Dereito.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen comunica aos membros do Consello de Goberno que foron invitados a participar neste punto son Ana M^a Pita Grandal, quen escusou a súa presenza, e J. Santiago Gómez Fraiz.

Expón a continuación que na sesión do Consello de Goberno de data 4 de xullo de 2014 foi aprobada a modificación do artigo 4 da Normativa de simultaneidade dos estudos ADE-DEREITO. Con data 29 de xullo, Ana Pita Grandal e outros presentaron recurso de reposición contra o antedito acordo, alegando a existencia de desviación de poder e vicios no procedemento e na formación da vontade do Consello de Goberno, que foi achegado xunto coa convocatoria aos membros do Consello de Goberno.

Explica a secretaria que segundo o artigo 107.3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común contra as disposicións administrativas de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa.

Indica que a normativa específica para a simultaneidade do grao en Administración e Dirección de Empresas e o grao en Dereito, e por tanto a súa modificación, cumpre todas as características para ser considerada unha disposición de carácter xeral e non un acto

administrativo, polo tanto, dado que a disposición impugnada é unha normativa, como a propia recorrente indica no seu escrito, non cabe recurso e corresponde non admitir a trámite e non procede entrar no fondo do asunto.

Apróbase por asentimento a inadmisión a trámite do recurso presentado.

8. **Aprobación, se procede, dos seguintes convenios:** – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universitat Rovira i Virgili* – Convenio de colaboración entre a *Universidad de Las Palmas de Gran Canaria*, a Universidade de Vigo e a *Universidad de Cádiz* para a realización do título oficial do Máster interuniversitario en Oceanografía – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal do Rio Grande do Sul* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal do Rio Grande do Sul* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Técnica Particular de Loja* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Redes y Desarrollo* – Convenio marco entre a *Universidad Técnica del Norte* e a Universidade de Vigo – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Caldas* (Colombia) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

9. **Elección de representantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.**

- Sector Estudiantes: 1 vacante

A secretaria xeral expón que non se presentaron candidaturas, polo que non se realizan eleccións e queda a vacante pendente de cubrir.

10. **Rogos e preguntas.**

Bienvenido Díez presenta dous temas, en primeiro lugar insiste na necesidade dun plan de promoción para os investigadores. Explica que os afectados están moi nerviosos e que a información dada polo reitor no informe é moi ambigua. En segundo lugar, refírese ás dificultades de asistencia a congresos para os investigadores que non teñen concedidos proxectos, e solicita a habilitación dun fondo a tal efecto.

Responde o reitor á primeira cuestión explicando que a lei impide a saída de prazas de profesorado estable e que estamos inhabilitados para propoñer un plan de promoción. Estase definindo un camiño alternativo para darlle unha saída contractual ás persoas que rematan contratos Ramón y Cajal e Parga Pondal. En canto se saiba algo máis a vicerreitora o expoñerá aos sindicatos e ao colectivo de persoas afectadas.

A vicerreitora de Investigación reitera que non chegou ningunha petición de asistencia a congresos para a presentación de traballos de especial relevancia. Outra cousa é o desexo de participar en congresos en xeral, que non poderá ser atendida. Este ano contemplárase unha

partida para participación en congresos, pero insiste en que teñen que ser casos de relevancia que deberán ser valorados.

Brais Fortes pregunta sobre un obradoiro da Universidade de Vigo para a realización de TFG. Indica que non é lóxico que os alumnos teñan que pagar unha cantidade extra para recibir clases relacionadas cunha materia obrigatoria.

A vicerreitora de estudantes explica que o obradoiro non estaba orientado exclusivamente a elaboración do TFG, senón de traballos académicos en xeral. O vicerreitor de extensión Universitaria e Relacións Internacionais comentoulle que xa houbera queixas e, a raíz delas, informouse do contido verificando que se trataba dun curso con aspectos máis xenéricos. Indica que non se vai volver a ofertar con esa denominación.

O reitor indica que esta cuestión será trasladada ao vicerreitor de extensión universitaria e Relacións Internacionais para que informe con máis detalle.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:02 horas do día 26 de novembro de 2014 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris